

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfo. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com ies.rodeira@edu.xunta.es</p>	<p><i>DEPARTAMENTO DE ELECTRONICA</i></p>
---	---	--

PROGRAMACIÓN

I.E.S. DE RODEIRA

DEPARTAMENTO DE ELECTRÓNICA

MÓDULO DE PROXECTO

CURSO 2019-2020

INDICE

1. Introducción
2. Obxecto do módulo de proxecto
3. Titorías
4. Fases de realización
5. Especificacións sobre as características e alcance do proxecto
6. Datas e horarios
7. Evaluación do proxecto
8. Calificación do proxecto.

1. Introducción

O módulo profesional de Proxecto incluído nos currículos dos ciclos formativos de grao superior que se impartan na Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terá por finalidade, consonte o establecido no artigo 14 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaran no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Esta integración concretarase nun proxecto de carácter globalizador que considere as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título. Definirase consonte as características da actividade laboral do ámbito do ciclo formativo e con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

2. Obxecto do módulo de proxecto.

a) O módulo de proxecto incluído no currículo do Ciclo Superior de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva. A atribución docente será a cargo do profesorado que imparta docencia no ciclo formativo.

b) Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de formación en centros de traballo e avaliarase unha vez cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

3. Tutorías

O desenvolvemento deste módulo organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva.

- a) A titoría colectiva implicará a participación da totalidade do equipo docente do ciclo formativo nas actividades de programación, seguimento e avaliación previstas para este módulo.
- b) A titoría individual correrá a cargo dun único profesor/a, integrante do equipo docente do ciclo, con carácter xeral o titor/a do ciclo formativo, que actuará como titor /a para todo o alumnado que estea en disposición de cursar este módulo, así como de coordinador/a das funcións do equipo docente en relación a el.

4. Fases de realización

O módulo profesional do Proxecto comprenderá as seguintes fases de realización:

a) Presentación e valoración da proposta do anteprojecto.

O anteprojecto poderá ser proposto polo alumno ou polo Departamento de la Familia Profesional correspondente o ciclo formativo.

Se o alumno presenta unha proposta sobre o contido do Proxecto, esta será presentada durante o primeiro mes de realización do módulo de FCT.

O equipo docente, presidido por o titor do grupo, valorará a proposta, tendo en conta os prazos previstos.

b) Designación do tutor individual do proxecto.

c) Aceptación da proposta ou asignación do proxecto.

O alumno cuxa proposta non fora aceptada, dispondrá de 15 días para facer as

modificacións pertinentes ou a presentar unha nova proposta. Pasado ese prazo, si non presentara nin aceptara nada, entenderase que renuncia a convocatoria.

e) Entrega, exposición ou defensa.

A exposición do proxecto consistirá nunha presentación donde o alumno nun máximo de 30 minutos explicará o proceso de elaboración, o porqué da solución desenrolada e o seu funcionamento. Rematando a exposición coa presentación do orzamento, si o hubiera.

O titor individual fixará as datas de entrega, e exposición de cada proxecto. No caso de non realizar a presentación, considerarase a convocatoria consumida. Para evitalo, o titor recordará os prazos de anulación de matrícula ou renuncia a convocatoria.

5. Especificacións sobre as características e o alcance do traballo.

O departamento editara unha guía, que será entregada a cada alumno (Anexo I), sobre as características e o alcance do traballo para a elaboración do proxecto na que se especificará as condicións mínimas que deben cumprir para poder proceder a entrega e exposición.

As especificacións abregaran os seguintes apartados:

1. Aspectos formais

- a) presentación,
- b) estrutura documental,
- c) ilustracións
- d) organización e
- e) redacción

2. Contidos

- a) dificultade,
- b) grado de resolución da proposta,
- c) orixinalidade,
- d) esquemas e planos,
- e) conceptos teóricos,
- f) cálculos,
- g) alternativas presentadas e
- h) resultados obtidos

3. Exposición e defensa

- a) calidade da exposición oral e
- b) respostas as preguntas plantexadas polos membros do tribunal.

6. Datas e horarios

Elaborarase un calendario, que será entregado a cada alumno (Anexo II), coas datas e horarios para o adecuado seguimento da realización e exposición do proxecto. O incumprimento destas datas conlevará a calificación de suspenso en dita convocatoria

7. Avaliación do proxecto.

Constituirase un tribunal formado, alo menos, polo xefe do departamento como presidente, o titor individual e quen exercera a titoría colectiva. Se ambas titorías son exercidas pola mesma persoa nombrarase a outro profesor ou profesora do equipo docente do grupo.

Sempre se avaliará despois de ter cursado e superado satisfactoriamente o módulo FCT.

8. Calificación.

A calificación do módulo de Proxecto será numérica e estará comprendida entre 0 e 10 puntos.

Os criterios de calificación, que serán coñecidos polo alumno, serán os seguintes:

- a) Aspectos formais (presentación, estrutura documental, ilustracións, organización e redacción): 20%
- b) Contidos (dificultade, grado de resolución da proposta, esquemas e planos, conceptos teóricos, cálculos, alternativas presentadas e resultados obtidos): 50%
- c) Exposición e defensa (calidade da exposición oral e das respostas as preguntas plantexadas polos membros do tribunal): 30%

Cada membro emitirá unha nota de cada apartado, obténdose a media delas en cada caso. No caso de non obter una calificación positiva, o tribunal elaborará un informe no que consten os defectos que deban ser subsanados.

ANEXO I

C.S. DE SISTEMAS DE TELECOMUNICACIONES E INFORMÁTICOS

CURSO 2019-2020

PROXECTO FIN DE CICLO

TITULO:

AUTOR:

TITOR/A:

DATA PRESENTACIÓN PROXECTO:

DATA EXPOSICIÓN PROXECTO:




INDICE

Índice.....	2
1.Introducción.....	3
2. Corpo do proxecto.....	4
2.1. Corpo do proxecto.....	4
2.1.1 Corpo do proxecto.....	4
3. Conclusión finais.....	5
4. Bibliografía.....	6
5. Ilustracións.....	7
6. Anexos.....	8
7. Orzamento.....	9



O índice debe estruturarse en distintos niveis e pode conter enlaces que facilite a lectura do documento

1. INTRODUCCIÓN




Farase unha contextualización e
definiranse os obxectivos do proxecto.
Debes deixar claro que queres facer e para
que

2. Corpo do proxecto


2.1 Corpo do proxecto

2.1.1 Corpo do proxecto



O corpo do proxecto e onde se desenrolan os distintos apartados, para elo pensa ben a estrutura, cantos apartados, subapartados, etc. Son necesarios. Selecciona axeitadamente as fontes de información e sintetiza a mesma

3. Conclusións finais




Neste apartado avaliaranse o cumprimento dos obxectivos previstos, xustificaranse as modificacións realizadas e farase unha proposta de mellora

4. Bibliografía

[1] https://es.wikipedia.org/wiki/Electrónica_digital

[2] Redes telemáticas. Carlos Valdivia Miranda. Editorial Paraninfo.



Indica todas las fuentes bibliográficas que
empleastes en el proyecto incluidas
páginas web

5. Ilustracións



Fig. 1 Pigs Tails SC



Fig. 2 Conector de f.o. SC

Fixate que as ilustracións, imaxes, fotos,....
están numeradas e engádeselle un pequeno
comentario.

6. Anexos



Neste apartado podes colocar:

- Diagramas de bloques.
- Esquemas
- Circuitos impresos
- Planos
- Táboas de medicións realizadas
- Resultados de simulacións
- Organigramas ou diagramas de fluxo
- DataSheets
- Outros

7. Orzamento

INSTALACIONES CENTRAL S.L. C/ AVD. DE OURENSE S.N. 36145 CANGAS TELF: 986300012 email: rodeira@rodeira.com	CLIENTE: NOME DIRECCION: C/ CONDESA 45 1º LOCALIDAD: CANGAS TELEFONO:986986986 email:
--	---

PRESUPUESTO	Instalación de central telefónica en industria maderera
-------------	---

Cantidad	Concepto	PVP	Descuento	TOTAL
Técnico	Conforme Cliente	Subtotal		
		Mano de obra		
		Desplazamiento		
		IVA		
Válido hasta :		TOTAL		

Un exemplo de cómo confeccionar un orzamento con Excel

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com ies.rodeira@edu.xunta.es	DEPARTAMENTO DE ELECTRONICA
ANEXO II		

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO

PAPEL: O tamaño do papel para empregar será o UNE-A4, de dimensións 210x297 mm, conforme á norma UNE 1011. Para a copia impresa que deben presentar, recoméndase usar papel de boa calidade (recoméndase o tipo 80gr/m2).

FORMATO DO PROXECTO: Executarase en soporte dixital, obrigatoriamente co formato facilitado para o módulo polo departamento didáctico, e que se pode atopar como persoal a disposición do alumno

PORTADA E ÍNDICE: Tanto o formato da portada como do índice atárase á deseñada para o módulo desde o departamento, e que se pode atopar como persoal a disposición do alumno na web moodle do módulo.

ENTREGA: Os proxectos serán entregados ao titor individual de cada alumno para a súa presentación ante o equipo educativo, pois este terá que valoralo con anterioridade á exposición por parte do alumno ante o mesmo, para a súa posterior avaliación final. Dita data asignaraa o profesor titor do proxecto a cada alumno de forma individual. Presentarase tanto en formato dixital, como en formato físico (papel). Entregarase unha copia que quedará en propiedade do Centro arquivada e custodiada polo departamento ao que corresponda o mesmo. Tanto o formato da portada como do resto do documento deben cumprir estritamente cos requisitos especificados no presente documento, e polo profesor titor do proxecto.

DATAS E HORARIOS

	Curso: 2019-2020 Periodo:
Presentación da proposta	
Modificación da proposta	
Asignación do proxecto	
Seguimento do proxecto	
Entrega do proxecto	
Exposición e defensa	

SISTEMA DE CALIFICACIÓN

A calificación do módulo de Proxecto será numérica e estará comprendida entre 0 e10 puntos.

Os criterios de calificación, que serán coñecidos polo alumno, serán os seguintes:

- a) Aspectos formais (presentación, estrutura documental, ilustracións, organización e redacción): **20%**
- b) Contidos (dificultade, grado de resolución da proposta, esquemas e planos, conceptos teóricos, cálculos, alternativas presentadas e resultados obtidos): **50%**
- c) Exposición e defensa (calidade da exposición oral e das respostas as preguntas plantexadas polos membros do tribunal): **30%**

